



**PROCEDEMENTO: PROCESO DE SELECCIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL PARA A CONTRATACIÓN DE TRES TRABALLADORES BRIGADA DE OBRAS E SERVIZOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN 2026. TR351G 2026**

**ACTA Nº 2. BAREMACIÓN FASE CONCURSO.**

Reunidos no Concello de Cee, o día 29/05/2026, ás 14:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador para o proceso de selección en réxime laboral temporal para a prestación do servizo: Brigada de obras e servizos de mantemento e conservación APROL 2026.

Queda constituído o tribunal coa seguinte composición:

Presidenta: María Angelina Blanco Rial

1.º vogal: Manuel Calo Canosa

2.º vogal: Alberto Trillo Prado

3.º vogal: Rosario Paz Rey

Secretario: Juan Carlos Santabaya Louzán

O obxecto da reunión e proceder á valoración da documentación aportada polos candidatos admitidos ao proceso selectivo, nos termos indicados no punto 9 das bases da convocatoria.

*O Tribunal reunirse en sesión non pública a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados. O resultado da valoración farase público, mediante a exposición no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal.*

*A puntuación máxima total establécese en catro puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran no parágrafo seguinte, cos límites que se sinalan para cada un deles.*

*Serán méritos a valorar nesta fase:*

**1) Experiencia Profesional. Máximo 1,5 puntos.**

*Por servizos prestados en calquera administración ou empresa privada en labores relacionadas co posto de traballo ofertado. 0,20 puntos/mes.*

*A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado de informe da empresa no que conste a categoría/funcións na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ámbolos documentos (vida laboral+ informe da empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado.*

*O cómputo de meses traballados realizarase tomando o total de días traballados segundo o informe de vida laboral (columna DIAS) entre 30.*

**2) Cursos de formación. Máximo 1 punto.**

*Cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente tal homologación para que poidan ser valorados).*

*- Outorgarase 0,005 puntos por cada hora de formación acreditada.*

*A acreditación dos cursos realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da*



administración, colexios profesionais e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

**2) Pertenza a colectivos con especiais dificultades de inserción. Máximo 1,5 puntos.**

Outorgarase 0.25 puntos pola pertenza a algún dos colectivos preferentes establecidos no Artigo 14. Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras, punto 6º da orde de convocatoria.

*“6. Terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:*

*a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego; programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.*

*b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.*

*c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.*

*d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.*

*e) Persoas paradas de longa duración.*

*f) Persoas con discapacidade.*

*g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.*

*h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.*

*i) Persoas trans.*

*j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.*

*Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento*

Revisada a documentación aportada, a puntuación obtida polos candidatos presentados é a seguinte:

NOMBRE Y APELLIDOS	PUNTUACIÓN FASE CONCURSO.
POLA FERNANDEZ, RAFAEL	2,025
GIRALDO QUINTERO, MARILU	0,6
AGULLEIRO PEREZ, DIEGO	1,75
SANTAMARIA OCA, JUAN ANTONIO	0,5
TRILLO CASTRO, JESUS	3
MOUZO LOPEZ, MARIA DEL MAR	1,7
MELGAR MORENO, JUAN CARLOS	0,25
CONDE SENLLE, MARIA CARINA	0,475

Sen mais asuntos que tratar finaliza a sesión en Cee, ás 14:45 horas.

Asdo.

Secretario

Presidente

Vogais.